

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E O CLUB CULTURAL VALLE-INCLÁN, A ASOCIACIÓN CULTURAL CINECLUBE PADRE FEIJOO, A ASOCIACIÓN CINE CLUB PONTEVEDRA E O CINECLUBE LUMIÈRE VIGO PARA A COLABORACIÓN NA DIFUSIÓN DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL NAS CIDADES DE LUGO, OURENSE, PONTEVEDRA E VIGO EN 2022

Santiago de Compostela

COMPARECEN

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), actuando por delegación do Consello Reitor da axencia, en virtude do disposto no Decreto 150/2021, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais e na resolución do 24 de xullo de 2012 (Diario Oficial de Galicia do 29 de agosto de 2012).

Doutra, María Antonina Gay Parga, na súa calidade de presidenta do Club Cultural Valle-Inclán (NIF G27013036), segundo o establecido nos estatutos da entidade e na acta da asemblea xeral extraordinaria do 5 de marzo de 2022.

Doutra, Manuel Precedo Barbeito, na súa calidade de presidente da Asociación Cultural Cineclub Padre Feijoo, con NIF G 32008591, segundo o establecido nos estatutos da entidade e na certificación da asemblea xeral do 17 de xaneiro de 2022.

Doutra, Ramón Poza Magdalena, na súa calidade de presidente da Asociación Cine Club Pontevedra, con NIF G36016251, segundo o establecido nos estatutos da entidade e no certificado da asemblea xeral do 12 de xaneiro de 2022.

E doutra, Xoán Manuel Novegil González-Anleo, na súa calidade de presidente do Cineclub Lumière Vigo, con NIF G-36758696, segundo o establecido nos estatutos da entidade e na resolución de inscrición da modificación da Xunta directiva de 4 de febreiro de 2022.

As partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A Axencia Galega das Industrias Culturais, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e



establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

SEGUNDO. O Club Cultural Valle-Inclán, a Asociación Cultural Cineclub Padre Feijoo, a Asociación Cine Club Pontevedra e o Cineclub Lumière Vigo, en adiante as entidades, teñen como fins comúns, segundo se estipula nos seus respectivos estatutos, a promoción e difusión da cultura cinematográfica así como a dinamización sociocultural a través das actividades cinematográficas. E para o cumprimento dos seus fins poden organizar, entre outras actividades, proxeccións, producións audiovisuais así como encontros, congresos... dentro deste ámbito da cultura.

Estas entidades levan tempo apostando firmemente polo desenvolvemento cinematográfico nas cidades nas que se sitúan, desenvolvendo unha ampla e variada programación que pon a disposición dos cidadáns pezas fundamentais da sétima arte.

TERCEIRO. Este convenio de colaboración enmárcase na liña 3 –Dinamización cultural de asociacións, federacións e colectivos culturais no eido escénico, musical e audiovisual– da planificación estratéxica da Agadic de actuacións de fomento de actividades mediante convenios de colaboración con fins culturais con entidades de carácter cultural e corporacións locais no ano 2022, aprobada o 18/01/2022 e modificada por resolución de 15/03/2022.

Este instrumento de colaboración enmárcase dentro programa de gasto da Agadic 432B –Fomento das actividades culturais–, cuxo obxectivo principal se centra en desenvolver as grandes liñas de actuación para o apoio á cultura galega, de xeito que se propicie un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida da nosa sociedade e da súa imaxe no mundo. Este programa de gasto estará aliñado coas liñas e obxectivos estratéxicos delimitados na Estratexia da Cultura Galega 21, para garantir a máxima difusión da actividade cultural en todo o territorio de Galicia e entre toda a cidadanía, ademais de asentar un tecido social e empresarial significativo e produtivo nos sectores da cultura galega.

Garanten estas entidades unha programación estable e de calidade que axuda a achegar propostas cinematográficas de claro contido cultural a un número amplo de espectadores. A súa condición de entidades referentes, cada unha delas, no seu ámbito provincial e no caso de Vigo de toda a súa área de influencia garanten que as programacións cheguen ao maior número de espectadores posible, constituíndo un importante foco de dinamización da cultura nas áreas onde se insiren e proporcionando unha programación regular ao longo de todo o ano.

CUARTO. A Agadic considera necesario impulsar a relación entre os distintos axentes culturais galegos no ámbito audiovisual, establecendo programas de cooperación con outros centros con fins semellantes ou complementarios. A colaboración, neste caso, con estas entidades busca incidir nun maior coñecemento das artes da imaxe e posibilitar un enriquecemento e variedade da oferta cultural na cidades de Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, polo que as partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante o ano 2022 que profundicen na promoción, potenciación e difusión do sector audiovisual a través da organización das actividades obxecto deste convenio.



Unha maior eficacia dos recursos dispoñibles fai necesaria a estreita colaboración coas asociacións, fundacións e institucións galegas para que, en cada ámbito respectivo de actuación, se poidan realizar, sumando e compartindo esforzos, as actividades culturais que se estimen de interese e utilidade social e cultural. Doutro xeito non sería posible para a Agadic asumir en solitario os custos de todas as actividades culturais que se consideran esenciais para o desenvolvemento cultural en Galicia. E son estes convenios ferramentas imprescindibles de colaboración que axudan a equilibrar os custos e as necesidades ademais de garantir a calidade dos eventos e das súas programacións.

Polo anteriormente exposto, as partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto, acordan as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración para a realización dun programa de difusión de produción audiovisual nas cidades de Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo durante o ano 2022.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS DO PROGRAMA

A programación desenvolverase nas cidades de Lugo e Ourense a partir do 18 de abril e ata o 16 de decembro de 2022 e en Pontevedra e Vigo dende o 1 de setembro ata o 16 de decembro de 2022, cun máximo de 30 semanas, a razón dun programa por semana (exceptuando os meses de xullo e agosto), e ao longo das cales se proxectará un mínimo de sete títulos de produción galega, así como unha escolma representativa da diversidade da programación da sala de proxeccións da Filmoteca de Galicia dos últimos meses.

TERCEIRA. OBRIGA DAS PARTES

1. A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas polas entidades nun proceso de colaboración continua coa Agadic.
2. A Agadic e as entidades coordinarán de forma conxunta o programa de exhibición da produción audiovisual. Corresponderalle ao persoal da Filmoteca de Galicia designado pola Agadic a selección dos títulos programados, que nun 25 % corresponderá ás suxestións das entidades.
3. A Agadic asumirá os custos xerados pola adquisición dos dereitos de emisión das producións, así como os custos dos traslados ocasionados no desenvolvemento do programa de exhibición e os custos de comisariado e preparación dos programas, se os houberse.
4. As entidades comprométese a contar cun espazo de exhibición axeitado aos fins do programa e a mantelo en condicións idóneas.



No caso do Cineclub Lumière Vigo, esta entidade conta coa colaboración da Concellería de Cultura do Concello de Vigo, que cede o Auditorio Municipal do Concello de Vigo na praza do Rei para desenvolver este proxecto. Pola súa banda, o Club Cultural Valle-Inclán conta coa colaboración da Vicerreitoría do Campus de Lugo da Universidade de Santiago, que cede o salón de actos da Casa do Saber, en Lugo, para desenvolver este proxecto. E por parte do Cine Club Pontevedra, é o Concello de Pontevedra quen cede o Teatro Principal, en Pontevedra, para as proxeccións.

5. Os beneficios que se puidesen xerar deberán repercutir exclusivamente no cumprimento dos fins das entidades consignados nos seus estatutos, sen que caiba ningún tipo de fin lucrativo entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo. En todo caso, os títulos galegos subvencionados deben ser emitidos sen estar suxeitos a ningún tipo de pagamento de entrada por parte do público asistente.

6. Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas. As entidades comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa do Xacobeo 21.22 e a da Xunta de Galicia, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

CUARTA. RÉXIME ECONÓMICO

Para a realización conxunta do programa de actividades conveniadas, a Agadic reserva ata un máximo de 32.000 euros (impostos incluídos), para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 10.A1.432.B.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2022, e segundo a seguinte distribución:

- Programación na cidade de Lugo: 10.000 euros
- Programación na cidade de Ourense: 10.000 euros
- Programación na cidade de Pontevedra: 6.000 euros
- Programación na cidade de Vigo: 6.000 euros

QUINTA. DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e das entidades. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e as partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, as partes comprométese a facer mención expresa deste convenio. En calquera caso as entidades poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.



SEXTA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

SÉTIMA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. As partes asinantes do convenio manifiestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto.

OITAVA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia –Agadic– coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive deste convenio.

Os datos de carácter persoal que deriven das actuacións desenvolvidas directamente polas entidades, serán tratados por esta na súa condición de responsable do tratamento.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. Os datos recadados pola Agadic serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia, axustarase á dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

6. Así mesmo, as entidades convenientes someteranse ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no



que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

NOVENA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
- b) O acordo mutuo.

En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

3. O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará a outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo. En tal caso as partes realizarán a correspondente liquidación en relación cos gastos efectivamente executados polas entidades e debidamente xustificadas ou aqueles compromisos firmes adquiridos con terceiros que foran debidamente acreditados.

DÉCIMA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

1. A Agadic nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio.

2. Para o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio créase, de acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

A estes efectos, e no ámbito desta comisión mixta de seguimento, as partes manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo, nun proceso de colaboración mutua entre ambas.

3. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

- A persoa titular da presidencia das entidades ou persoa que legalmente as represente, ou unha persoa das entidades que a substitúa.
- A persoa titular da dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.
- Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario da Agadic.



DÉCIMO PRIMEIRA. NATUREZA XURÍDICA

1. Este convenio ten carácter administrativo e rexerase polas súas cláusulas e, no seu defecto, polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e demais normativa de aplicación.
2. Así mesmo, este convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben observaranse os seus principios para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

DÉCIMO SEGUNDA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2022.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan

POLA AGADIC Jacobo Sutil Nesta Director da Agadic (P.D. do presidente do Consello Reitor da Agadic, DOG 29/08/2012)	POLO CLUB CULTURAL VALLE-INCLÁN María Antonina Gay Parga Presidenta	POLA ASOCIACIÓN CULTURAL CINECLUBE PADRE FEIJOO Manuel Precedo Barbeito Presidente
POLA ASOCIACIÓN CINE CLUB PONTEVEDRA Ramón Poza Magdalena Presidente	POLO CINECLUBE LUMIÉRE VIGO Xoán Manuel Novegil González-Anleo Presidente	

